

Setem
aMaRANTE

soligariidade n1



Autor: David Quintas.

DUN COMERCIO ESCRAVO A UN COMERCIO XUSTO

Monográfico sobre comercio internacional

ÍNDICE

Editorial	2
A fondo	3
Cara a cara	6
Impactos	8
Unha volta aomundo	10
Móvete	11
O caso	12
Opini3n	13
Diccionario	14
Facémonos eco	15
Contrapublicidade	16

CRÉDITOS

Edita: AMARANTE / SETEM.

Consello de redacción: Iratxe Arteagoitia, Eva Branco, Anna Fernández, Mónica Gómez, Silvia Ibañez, Beatriz Jiménez, María Martín, Marta Solano, Annie Yumi Joh.

Coordinación: Anna Fernández e Marta Solano.

Deseño orixinal: Ana Perea.

Deseño e maquetación: Ana Perea.

Tratamento lingüístico: Anaír Rodríguez.

Impresión: Foli Verd.

Depósito legal: M-35469-2004.
Decembro 2011.

Impresa en papel reciclado.

Co apoio de:



Esta revista ten sido elaborada co apoio económico da Axencia Española de Cooperación Internacional para o desenvolvemento (AECID). O contido deste documento é responsabilidade única de AMARANTE SETEM e en ningún caso debe considerarse que reflicta a opinión da AECID.

E ti, que opinas?

Se tes achegas ou comentarios que facer para a revista, escribenos!

amarantesetem@amarantesetem.org

EDITORIAL

Temos o pracer de presentarche a nova revista SOLIGARIEDADE. Estamos a apostar pola comunicación en liña, pola súa proximidade, inmediatez e baixo custo. Dous números anuais da revista cun tema monográfico. Pensamos que a lectura en papel é un formato máis adecuado para profundar nas causas da inxustiza global.

Para este primeiro número da nova revista apostamos por falar dun dos temas que máis coñecemos e máis traballamos: **as inxustizas do comercio internacional e a proposta de alternativas, como é o Comercio Xusto.**

Xa hai preto de 12 anos, AMARANTE SETEM empezou a apostar polo Comercio Xusto como movemento que facía realidade **o soño doutra economía.** Desde os inicios quixemos impulsar as tres dimensións do Comercio Xusto: a comercialización de produtos procedentes de pequenos produtores e produtoras do Sur que cumpren uns criterios baseados nos principios de igualdade; a sensibilización para un consumo responsable, e a denuncia daquelas situacións que, coa única lóxica da maximización de beneficios, pisan os dereitos das persoas.

Se esiximos un Comercio Xusto e unha Economía Social e Solidaria é porque o sistema de comercio internacional actual se basea nunha serie de mecanismos que promoven e xustifican as desigualdades. Tentamos abordar a problemática nesta revista e achegar este tema complexo á nosa base social para que todas e todos o coñezamos mellor e poidamos facer un exercicio de cidadanía crítica e con vontade transformadora.

Esperamos que che guste a revista, boa lectura!

AMARANTE SETEM, QUEN SOMOS?

Somos persoas que queremos transformar a nosa sociedade. Cremos nunha cultura da solidariedade internacional respectuosa coa dignidade dos pobos do Sur e orientada a denunciar e erradicar as causas estruturais das desigualdades.

Somos unha organización galega de solidariedade para o ecodesenvolvemento, que traballa pola superación do capitalismo global cara á xustiza social. Formamos parte da federación Setem xunto con outras 10 ONGs de solidariedade internacional que centramos o noso traballo independente en concienciar a sociedade das desigualdades Norte-Sur, denunciar as súas causas e promover transformacións sociais, individuais e colectivas, para conseguir un mundo máis xusto e solidario.

Os nosos campos de actuación son:

- A sensibilización e formación a través de cursos, viaxes, obradoiros, publicacións e campañas.
- A promoción de alternativas, principalmente de Comercio Xusto e Economía Social e Solidaria, por medio de campañas, programas especializados e venda de produtos.
- A solidariedade con organizacións do Sur mediante intercambios e actividades de cooperación.

Formamos parte da Coordinadora de ONG para o Desenvolvemento (CONGDE), Coordinadora Estatal de Comercio Xusto (CECJ), rede BankTrack, Observatorio da Responsabilidade Corporativa e Enlazando Alternativas.



A FONDO

QUE COMERCIO PARA QUE DESENVOLVEMENTO?

O sistema de comercio internacional prioriza os beneficios económicos e empresariais en detrimento dos dereitos humanos e do benestar das persoas e o medio ambiente. Cremos que os acordos de libre comercio non levan ao desenvolvemento dos pobos xa que se trata dun trato entre desiguais, entre países ricos e países empobrecidos, coma se fose un acordo entre elefantes e formigas.

Redacción: Equipo da campaña Acordos Comerciais da Federación SETEM.



Autor: David Quintas

Se algo caracteriza a economía actual, a nivel mundial, é a promoción de reformas encamiñadas ao libre comercio e a favor do movemento de capitais, por iso é polo que se xeran cambios nos instrumentos da política comercial para establecer relacións comerciais entre diferentes rexións mundiais, creando zonas de libre comercio. Isto sen ter en conta as diferenzas de base ou **desigualdades** entre as poboacións dos diferentes países.

Nas tres últimas décadas produciuse unha liberalización da economía a nivel mundial, a través de acordos multilaterais, nun principio co GATT (en galego, Acordo Xeral sobre Aranceis Aduaneiros e Comercio) e posteriormente coa Organización Mundial do Comercio (OMC), e a través de acordos bilaterais, todos eles encamiñados a facilitar o comercio internacional.

Desde o ano 2001, as negociacións comerciais no seo da OMC atópanse estancadas, xa que a última Rolda, a de Doha, onde a liberalización da agricultura e os servizos está lonxe de se pechar, posto que os países empobrecidos están a **reclamar un trato xusto** e un sistema comercial que non só beneficie ás grandes potencias comerciais.

Aínda que a Unión Europea (UE), en contraposición cos Estados Unidos, defendeu á OMC como a institución multilateral de comercio, a UE impulsou paralelamente tratados bilaterais suplantando o baleiro do que non puido negociarse dentro do marco da OMC (o que se coñece como OMC Plus),¹ introducindo os temas de Singapur;² a pesar

de ser rexeitados polos países en desenvolvemento no marco da OMC.

OBXECTIVO: LIBERALIZACIÓN COMERCIAL

O obxectivo destes tratados bilaterais ou rexionais é conseguir a total liberalización comercial, incluíndo disposicións relacionadas cos investimentos, a contratación de servizos públicos, así como a propiedade intelectual e a liberalización dos servizos financeiros, validando que as empresas estranxeiras reciban un trato nacional. Nos últimos anos, estiveron en negociación máis de 200 tratados comerciais, sendo a UE un dos principais actores. Destes acordos, preocupánnos especialmente aqueles que se negocian entre rexións enriquecidas e empobrecidas, como os países latinoamericanos, africanos e asiáticos. Nestes, as **desigualdades socioeconómicas** expoñen un risco para o desenvolvemento das zonas máis vulnerables. Estes acordos birrexionais teñen como principais beneficiarias as empresas transnacionais³ (ETN), xa que estes acordos con mecanismos como a redución de aranceis, a creación de zonas francas libres de impostos, a flexibili-

1 Machado, D. (2007) "Acuerdos de Asociación UE – Centro América: análisis y consecuencias" Revista Pueblo.

2 Comercio e investimentos, comercio e política de competencia, transparencia da contratación pública e facilitación do comercio. Temas incluídos no programa da OMC na Conferencia Ministerial de 1996.

O ACORDO ENTRE MÉXICO E A UE

Malia a imaxe exterior que a UE quere dar como principal doante de Axuda Oficial ao desenvolvemento (AOD), consentindo a súa imaxe social e filantrópica, seguiu os pasos dos Estados Unidos, como podemos ver no Tratado de Libre comercio entre a UE e México (TLCUEM), ratificado o ano 2000, iniciando un proceso de liberalización recíproca do comercio de bens e servizos.

As promesas vertidas nun principio eran xerar maior emprego, fomentar o intercambio de bens e servizos, incrementar oportunidades e alianzas para as empresas mexicanas, así como dinamizar a actividade comercial. Vemos que o resultado positivo inclínase cara ao lado da balanza europea, pois co tratado favorecéronse as importacións europeas e reducíndose paralelamente as exportacións mexicanas. Os produtos deste país deben facer fronte a aranceis altos para poder entrar en UE, por non mencionarse as industrias, pequenas e medianas, incapaces de competir dado que a produción é menor á de empresas provenientes de Europa. En nove anos desde a sinatura do tratado, a débeda mexicana aumentou un 79,6%¹⁰ e non houbo un incremento significativo nas exportacións de México a Europa. Isto tradúcese nun aumento da fenda social, xa que os tratados non contan cun proceso previo de políticas de axuste estrutural, baseadas en contidos nacionais.¹¹ Os problemas en México non se solucionaron até a data, malia as promesas que vertía a implantación do TLCUEM, aumentou o índice de violacións de dereitos humanos, civís e laborais, estes últimos de empresas europeas instaladas no país.

zación de dereitos laborais ou o fomento da privatización de servizos facilitan a implantación de ETN europeas en rexións do Sur. Estas políticas comerciais acaban limitando a soberanía dos estados, xa que reducen os ingresos públicos por aranceis, coa consecuencia de menor capacidade de instaurar políticas públicas, o cal ten unha incidencia directa no acceso da poboación a **servizos básicos** e ao desenvolvemento dos pobos.

A pregunta que podemos facernos fronte a isto é: Que vantaxe teñen os países empobrecidos que participan destes acordos, sabendo que a maioría carece de lexislación, infraestruturas necesarias ou políticas nacionais para competir en igualdade de condicións?

EUROPA NEGOCIA TRATADOS

Se facemos un rápido balance de como se estruturan os acordos comerciais que a UE establece con Centroamérica ou os países ACP,⁴ denominados Acordos de Asociación e EPAS,⁵ propónse unha negociación a tres bandas, supostamente ao mesmo nivel: o diálogo político, a cooperación e o comercio. A pesar da importancia dos dous primeiros, os aspectos de índole económica son os que toman maior peso nas negociacións.⁶ As rexións empobrecidas teñen unha **alta dependencia** dos fondos de cooperación das potencias económicas coas que negocian, o cal lles deixa pouca marxe para a presión.

Poñamos como exemplo o caso de América Central. As negociacións para asinar un Acordo de Asociación (ADA) comezaron en 2007, e prevese a súa ratificación en 2012. A rexión xa viña dunha historia de liberalizacións progresivas incentivadas por parte dos investidores estranxeiros, de creación de zonas francas onde as transnacionais vi-

ron ancho campo ao seu favor e de espolio crecente dos seus recursos naturais, iniciativas que a sinatura dos ADA conferirá rango de lei (sancionable por tribunais internacionais se se incumpre). Esta tendencia neoliberal supón o 'abandono de políticas agrícolas de fomento á produción campesiña e desenvolvemento rural' (GARZA, J: 2011), que se traduce en migracións internacionais e do campo á cidade, enchendo as maquilas de traballadoras con precarias condicións laborais. No caso dos produtores e pequenas empresas as queixas son continuas posto que coa liberalización do mercado os aranceis son mínimos para as importacións⁷ de produtos estranxeiros que colapsan os seus mercados. Ante este panorama, movementos sociais organizanse por todos os países de Centroamérica para loitar polos seus dereitos e amosar o seu rexeitamento aos ADA. Por exemplo, temos o caso de Unión Fenosa en Nicaragua, onde pola súa actuación en réxime de semi-monopolio recibe denuncias de consumidoras organizadas por altos cobros e **deficiente calidade** de servizo, xa

3 Garza, J. "El AdA: El Libre Comercio con Europa y la producción de Café en Centroamérica". (2011) SETEM INCIDENCIA 3. SETEM Catalunya. Barcelona.

4 África, Caribe e Pacífico.

5 Economic Partnership Agreements (Acordos de Asociación Económica).

6 Pérez Rocha, M., Hernández González, G., Orozco, J. (2006) "Hacia un Acuerdo de Asociación entre Centroamérica y la Unión Europea. ¿Un Instrumento para el desarrollo y los derechos humanos o un CAFTA II?. Presentación de preocupación e propostas no contexto do IV Cumio de Xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea, América Latina e o Caribe. CIFCA



Deputadas e representantes de organizacións sociais centroamericanas diante do ministerio de Comercio, lugar onde se asinou o ADA UE-CA. Autora: Lourdes Palacios



Mobilización da campaña STOP EPA

que iso afecta a outros servizos como o da auga potable ou o stock dos comercios.

No caso dos acordos comerciais entre a UE e os países de África, Caribe e Pacífico (ACP), atopámonos coa mesma problemática a unha escala moito maior, xa que abarcan 76 países. Estes acordos propóñense co obxectivo de substituír os antigos tratados do Acordo de Cotonou do 2000 entre a UE e a ACP, xa que estes non se axustan ás leis da OMC. A UE preséntaos como acordos centrados tanto na **liberalización comercial** como no desenvolvemento das rexións, outorgando condicións comerciais preferentes aos países ACP para que poidan vender os seus produtos mellor á UE, pero en realidade acaban quedando fóra destes tratados os produtos europeos máis sensibles mentres que os mercados ACP deben abrirse totalmente en todos os sectores. A **resistencia social aos EPA conseguiu paralizar** as negociacións desde o ano 2007.

VISIONS CONTRAPOSTAS

Os defensores destes acordos de libre comercio afirman que estes poden contribuír ao desenvolvemento dos pobos. A UE mantén que toda liberalización ten procesos de axuste, pero que desde un punto de vista macroeconómico os efectos globais serán positivos e reverterán na creación de **políticas de desenvolvemento** e prosperidade, considerando que a liberalización comercial, a privatización e a desregulación activan a economía dos estados. Pero os sectores sociais máis críticos alertan de que os beneficios destas estratexias comerciais van directamente a unha transferencia do poder do público a mans do privado e con iso, á mellora e ao desenvolvemento duns poucos, vendo

como á maioría se lles restrinxe o acceso a bens e servizos. Por todo iso, urxe unha reflexión de fondo arredor do modelo de comercio que se está impondo en todo o globo, xa que os acordos comerciais que se están implementando e negociando responden a unha lóxica de sistema económico neoliberal que prioriza o

Urxe unha reflexión de fondo arredor do modelo de comercio que se está impondo en todo o globo, xa que se prioriza o comercio e o lucro económico fronte os dereitos sociais, laborais ou ambientais.

comercio e o lucro económico fronte os dereitos sociais, laborais ou ambientais. Estase estendendo a **supremacía da economía de mercado** e o poder das finanzas, promovendo a redución do gasto social, dismantelando os propios estados fronte a organizacións internacionais que avogan polo desre-

gulamento total, neste xogo de estruturas sinerxiadas que camiñan directas á satisfacción duns poucos.⁹

Pero nós, as persoas correntes, as que consumimos os produtos destas empresas, as que miramos ao noso redor e nos indignamos, somos máis, e debemos facer ouvir a nosa voz. Apostamos por un empoderamento da sociedade civil que antepoña o desenvolvemento e soberanía dos pobos ante a ditadura do crecemento económico.

7 Ortega, M. (2009) "Qué son y como funcionan los acuerdos comerciales de la UE" Relatorio para as xornadas "Comercio justo: por unas políticas comerciales justas. Los acuerdos comerciales entre la Unión Europea y los países de África y América Latina". CECJ e Federación SETEM.

CAMPAÑA ACORDOS COMERCIAIS DA FEDERACIÓN SETEM

Na Federación SETEM (da que forma parte AMARANTE) situámonos como sector crítico ante o desenvolvemento que promove este tipo de comercio: denunciámos que non se están tendo en conta a posta en marcha de mecanismos de defensa dos dereitos humanos ou a protección da produción autóctona, constatamos a falta de participación civil, consideramos que a liberalización do acceso a recursos naturais e sectores estratéxicos limita as posibilidades de desenvolvemento e coarta a soberanía dos estados.

Por iso levamos a cabo unha campaña de denuncia dos impactos dos TLC da UE sobre o desenvolvemento dos pobos, e de promoción do Comercio xusto e a Economía Solidaria como alternativa económica que pon no centro o desenvolvemento humano e sustentable. Que facemos?

- Participación en redes: de incidencia política para evitar a ratificación destes tratados (Enlazando Alternativas, Seattle to Brussels Network, Stop EPAs) e de promoción de alternativas.
- Organización de intercambios de experiencias en Foros internacionais: Cumio dos Pobos, Foro Social Mundial e RIPPSS internacional.
- Publicamos investigacións: "Intereses económicos españois nas negociacións comerciais Europa-África", "O ADA: o librecomercio con Europa e a produción de café en Centroamérica" e preparando "Miradas globais para outra economía".

CARA A CARA

"OS ACORDOS COMERCIAIS FOMENTAN O CRECEMENTO ECONÓMICO DOS PAÍSES EN DESENVOLVEMENTO"

Beatriz San Agapito Oliveirais,
Xefa de Servizo da Subdirección Xeral de Política Comercial da UE do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio



1 O comercio internacional é un instrumento moi poderoso para fomentar o crecemento económico e, en última instancia, **reducir a pobreza**. É por iso que seguindo o principio de coherencia de políticas, resulto necesario incluír a política comercial dentro dos Plans de desenvolvemento nacionais e rexionais dos países, adaptando a apertura comercial ás súas necesidades concretas, e asegurando o **acceso ao mercado** doutros países, especialmente dos desenvolvidos, a través de acordos comerciais.

2 O sistema de regras establecido polos países membros da Organización Mundial do Comercio (OMC) favorece a apertura dos mercados e a liberalización comercial no ámbito internacional á vez que persegue **obxectivos sociais e ambientais**, entre os que se atopan o desenvolvemento dos países menos avanzados ou a protección do medio ambiente e da saúde pública. É por iso que os estados posúen marxe de manobra para establecer os criterios que estimen convenientes para que o intercambio de bens e servizos cumpra cos obxectivos da súa política nacional, sempre que se respecte o acordado no seo da OMC e devanditos criterios aplíquen-se por igual ás empresas nacionais e as estranxeiras e non supoñan de facto unha medida proteccionista.

3 Os acordos comerciais permiten a apertura de mercados para as exportacións. Ademais, estes acordos conseguen un abaratamento das importacións, o cal permite a dispoñibilidade de maior variedade de produtos e a menor prezo, e a transferencia de tecnoloxía desde os países avanzados cara aos países en desenvolvemento. Todo iso xera ganancias de competitividade e fomenta o **crecemento económico** nos países en desenvolvemento, o cal abre a porta á redución da pobreza. Ademais, os acordos comerciais asinados coa UE axudan a facer avanzar os procesos de integración rexional dos países en desenvolvemento, aumentando o grao de cooperación entre eles. Así mesmo, os acordos comerciais permiten crear lazos entre a UE e os países en desenvolvemento, converténdose en socios estratéxicos e permitindo a cooperación noutras áreas distintas do ámbito comercial.

4 A liberalización comercial provoca **reaxustes** nos distintos sectores de actividade, fortalecendo os máis competitivos e reducindo aqueles onde o país non ten vantaxes comparativas. Dado que a reasíncrona dos factores produtivos entre sectores non é automática, a curto prazo poden xerarse situacións temporais de

1 **¿Que papel xoga o comercio internacional no desenvolvemento dos países do Sur? E concretamente os acordos comerciais coa Unión Europea?**

2 **Cando falamos de comercio, o que en realidade queremos dicir é libre comercio?**

3 **Coméntenos tres dos impactos positivos que se prevén coa sinatura de acordos comerciais entre a UE e zonas empobrecidas do planeta.**

desemprego e de aumento da pobreza, tendo en conta que os países en desenvolvemento adoitan carecer de sistemas de protección social consolidados. Con todo, os beneficios da apertura comercial, que deberán repartirse equitativamente, contrarrestan amplamente estas **perdas de benestar**, que ademais se resollen no medio prazo mediante unha reasíncrona dos recursos da economía do país. Para evitar estes custos de axuste nos países en desenvolvemento, a UE inclúe nos acordos que negocia un menor grao de liberalización para a outra parte, períodos transitorios para a súa apertura comercial, a exclusión de certos sectores sensibles e a provisión de asistencia técnica e financeira.

5 Durante o transcurso das negociacións de acordos comerciais entre a UE e terceiros países os axentes involucrados da sociedade civil son periodicamente **informados e consultados** tanto a nivel europeo como a nivel nacional. Estas consultas inclúen a asociacións empresariais, ONG, sindicatos e universidades.

6 A estratexia da UE de promoción dos dereitos humanos no mundo (a "Iniciativa para a democracia e os dereitos humanos") abarca tamén a aqueles países que conclúen acordos comerciais coa UE. É por iso que o acordo comercial concluído con Colombia e Perú ten como elementos esenciais o respecto dos **principios democráticos** e os dereitos fundamentais como inspiradores das políticas internas e internacionais das partes, e inclúe a posibilidade de adoptar medidas inmediatas no caso de que algunha parte viole devanditos elementos esenciais do acordo. Por tanto, intereses comerciais e protección dos dereitos humanos resultan compatibles e complementarios.



"O LIBRE COMERCIO É UNHA GRAVE VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS"

Iván Forero, membro da Plataforma Xustiza por Colombia

4 E agora, tres impactos negativos.

5 Xogan algún papel as empresas europeas no proceso de negociación?

6 A UE está negociando estes acordos con países que vulneran os dereitos humanos, como Colombia ou Perú... Qué valoración fai?

1 O comercio internacional foi fundamental na construción do desenvolvemento en todo o mundo. O problema actual pasa por definir de que comercio internacional e de que desenvolvemento estamos a falar: A partir de 1989, co Consenso de Washington, redefínese o rol de comercio internacional cunha soa mirada: o crecemento económico exclusivamente en termos do capital. Estes acordos comerciais actuais non favorecen un maior desenvolvemento nin resolven os problemas da crise actual global xa que **porán en risco** a ecoloxía, os dereitos humanos e os laborais dos países do Sur:

2 Efectivamente hoxe cando falamos de comercio internacional é case obrigado referirse ao libre comercio como unha estratexia non só macroeconómica senón tamén política. O comercio xa non busca dar resposta ás necesidades de desenvolvemento humano das poboacións, como a fame, a pobreza, industrialización, etc., senón que só busca a máxima **rendibilidade económica**. Hoxe en día están confrontados dous modelos de comercio: os que pensan que o comercio internacional ten que estar á marxe dos dereitos humanos e da terra e os que cremos que non se pode falar dunha liberdade no comercio que poña en risco estes dereitos.

3 Un primeiro impacto positivo pode ser a facilitación dos procesos de **integración rexional**, aínda que ten os seus límites. Por exemplo, no caso de Perú e Colombia, primeiro queríase asinar o acordo cos países membros da Comunidade Andina pero finalmente só quedaron estes dous países. Esta posibilidade de integración quedou recortada, é un impacto positivo pero con límites. Outros impactos son a apropiación de **nova tecnoloxía** por parte dos países empobrecidos e o feito de que se inclúen cláusulas de diálogo político e a participación da sociedade civil.

4 Un dos impactos máis graves ten que ver coa gran prioridade que dan os acordos á industria extractiva e mineira, e aos agrocombustibles. De face a Europa, estes últimos preséntanse como unha alternativa enerxética, pero en Colombia teñen un gran impacto ambiental e estase utilizando a violencia para posuír a terra. Calcúlase que en Colombia hai preto de cinco millóns de desprazados por culpa dos agrocombustibles. Outro impacto negativo é a perda da **soberanía alimentaria** nos países do Sur. Por exemplo, o millo transxénico encarece os produtos locais e fai moito máis difícil o acceso ao alimento para millóns de persoas do país. Un terceiro impacto é a **expropiación da auga** en América Latina por parte de multinacionais europeas como Augas de Barcelona, Canle de Isabel II ou Endesa, que van detrás dos acuíferos latinos.

5 Durante o transcurso das negociacións de acordos comerciais entre a UE e terceiros países, os axentes involucrados da sociedade civil son periodicamente informados e consultados tanto a nivel europeo como a nivel nacional. Estas consultas inclúen a asociacións empresariais, ONG, sindicatos e universidades. Europa viviu nos últimos anos un proceso de reacomodo das empresas transnacionais que levaron a convertela nunha **'Europa S.A.'** Quen goberna, quen decide é a empresa transnacional, non os cidadáns. Como as empresas son as principais beneficiarias, teñen un lobby ao redor das mesas de negociación dos acordos comerciais. No caso de Colombia e Perú, fai máis de seis anos que se están discutindo estes acordos e as **empresas transnacionais europeas** tiveron un papel protagonista. Non lles importa ter que comprar funcionarios públicos... Por exemplo, que casualidade que en Colombia, un dos poucos países onde a xestión do servizo telefónico non foi privatizado, colocouse como ministro de comunicacións ao ex-director xerente de Telefónica. Por cada euro que Europa inviste en América Latina, sacará 150 euros dese investimento. Habería que incluír cláusulas fiscais para que isto non pasase.

6 A síntese é "dereitos humanos ou libre comercio", as dúas cousas á vez é imposible. O libre comercio tal e como está definido actualmente é unha grave violación aos **dereitos humanos**. Habería que evolucionar moitísimo na redacción destes acordos para poder estar de acordo con eles. No caso de Colombia, estamos a falar dun país que ten o record mundial de sindicalistas asasinados e nos últimos anos continuou esta tendencia. Ser sindicalista en Colombia é case como poñerche unha lápida no peito. Como pode Europa asinar un acordo comercial cun país que vulnera gravemente os dereitos humanos?



ALGÚNS IMPACTOS GRAVES DOS ACORDOS COMERCIAIS E ALGUNHAS PROPOSTAS CONCRETAS

Desde 2006, a Unión Europea promove a estratexia “Unha Europa Global: competindo no mundo”, que busca de maneira progresiva unha completa desregulación dos mercados a favor das grandes empresas europeas. Detrás dun discurso europeo amable que fala de democracia e cooperación, a UE está a negociar tratados comerciais que abocan os países á pobreza e dificultan o acceso a dereitos humanos básicos como a alimentación. A UE está a presionar para conseguir asinar acordos aceleradamente e sen flexibilizar posturas ante as demandas dos países empobrecidos.



1 É UN ACORDO ENTRE DESIGUAIS

Os tratados ignoran que a UE é económica e politicamente moito máis potente que África ou América Latina. Dar por feita esta igualdade perpetúa a desigualdade.

PROPOSTA:

Deben contemplarse medidas compensatorias para as rexións máis empobrecidas.



2 OS ACORDOS PRIORIZAN OS INTERESES EMPRESARIAIS POR RIBA DOS DEREITOS HUMANOS

Non se contemplan as necesidades dos colectivos humanos máis vulnerables.

PROPOSTA:

Universalización e poder vinculante dos dereitos sociais e ambientais, fronte á profunda asimetría existente entre o dereito comercial e os dereitos humanos.



3 OS DEREITOS LABORAIS NON SE PODEN PERDER

Para atraer investimentos estranxeiros, os tratados facilitan que se desregule o mercado laboral, xerando precariedade, especialmente nas mulleres.

PROPOSTA:

Esixencia real do cumprimento das normativas da Organización Internacional do Traballo, sen excepcións en zonas francas que benefician as empresas e empobrecen as traballadoras.

4 O TAMAÑO IMPORTA

Os acordos facilitan a internacionalización das empresas europeas en países terceiros, ou sexa, que estas teñan máis presenza e investimentos noutras rexións do planeta. Nas zonas máis empobrecidas, as pequenas e medianas empresas non poden competir cos produtos, prezos e estratexias de mercadotecnia das transnacionais, destruíndose o tecido económico local.

PROPOSTA:

Os intereses comerciais das grandes potencias non poden prevalecer sobre o tecido económico local. A man invisible do mercado ignora as iniciativas económicas máis locais, polo que os acordos deberían pór máis atención á viabilidade social e económica para os colectivos máis vulnerables da implementación dos acordos.



OS CAMPESIÑOS QUE CULTIVAN OS ALIMENTOS NON PODEN PASAR FAME

As familias produtoras dos países empobrecidos non poderán competir cos produtos agropecuarios europeos subvencionados.

PROPOSTA:

Soberanía alimentaria como concepto básico nos acordos. Os intereses comerciais non poden pasar por riba das dinámicas agrícolas de cada país e do respecto polas necesidades básicas das familias produtoras.



A NATUREZA E A BIODIVERSIDADE NON ESTÁN PARA GAÑAR DIÑEIRO

As rexións empobrecidas do Sur son as máis ricas en recursos naturais e biodiversidade. Os acordos comerciais pretenden dar vía libre á explotación europea dos recursos alleos.

PROPOSTA:

Respecto pola soberanía dos pobos e comunidades na xestión dos propios recursos, especialmente no que se refire á ratificación do convenio 169 da OIT para o recoñecemento e dereito a decidir dos pobos indíxenas, moradores de zonas ricas en recursos naturais.



OS MEDICAMENTOS NON SON UN LUXO

Os acordos comerciais priorizan patentes por riba dos fármacos xenéricos, dificultándolle o acceso aos medicamentos a unha gran parte da poboación.

PROPOSTA:

O acceso á saúde debe ser universal e non pode verse minguado por intereses comerciais.



OS SERVIZOS PÚBLICOS NON PODEN SER PRIVADOS

Os acordos contemplan que empresas europeas poidan presentarse a concursos públicos para xestionar servizos en países de África ou América Latina. Isto supón unha perda da soberanía política nacional, e moita poboación que non poderá pagar os servizos privatizados.

PROPOSTA:

Os servizos de interese xeral non poden someterse ás regras do mercado, debe velarse sempre por un acceso universal.



OS PROCESOS ESCUROS SON SOSPEITOSOS

Os procesos de negociación non son transparentes, nin públicos. A cidadanía descoñéceos e non se preñen canles de participación.

PROPOSTA:

É necesario abrir espazos de información e participación vinculante á sociedade civil.



DESENVOLVEMENTO INCERTO

Os acordos négóciense e asínanse sen dispor de estudos de impacto social nin ambiental, e tampouco inclúen unha estratexia de avaliación e monitoreo. Négóciase o presente e futuro de millóns de vidas humanas descoñecendo se o impacto no desenvolvemento será positivo ou negativo.

PROPOSTA:

É imprescindible que calquera negociación se basee nun estudo de impacto que asegure melloras sociais e ambientais, e que se inclúa unha estratexia de monitoreo e avaliación que permita reaccionar ante impactos negativos para as persoas e o ambiente.




UNHA VOLTA AO MUNDO

O planeta move-se para poñer freo ás políticas comerciais actuais e propor unha economía social e solidaria

SINOPA Y AMÉRICA LATINA:

Enlazando Alternativas: Rede Birreixional Europa-América Latina onde se agrupan organizacións sociais de resistencia ao 'proxeito económico europeo', ás empresas transnacionais europeas e ás políticas internacionais de libre comercio.

"Cartos sindicalistas, defensores dos dereitos humanos, campesiños e traballadores van ter que morrer antes de que a Comisión Europea e o Consello actúen e suspendan o proceso de conclusión do acordo de libre comercio entre a UE e Colombia?" Eurodeputado socialista irlandés Paul Murphy.



EEUU:
Citizens Trade Campaign
Public Citizen

MEXICO:
Red Mexicana de Acción
Frente al Libre Comercio

HONDURAS:

Centro de Derecho
de Mujeres

COSTA RICA:
Costa Rica dice no a TLC

COLOMBIA:

Alianza Social Continental:
Movemento integrado por organizacións sociais de todo o hemisferio americano. Creouse para se opor á proposta da área de Libre Comercio das Américas (ALCA) e para buscar un modelo de desenvolvemento alternativo e democrático.

HAITI:

CENTROAMERICA:

Centroamérica por El Diálogo
"Co libre comercio, desprotéxense os colectivos máis vulnerables ante o beneficio das grandes empresas europeas", Jesús Garza, Coalición Hondureña de Acción Ciudadana.



PERU:
Stop Peru FTA

BOLIVIA:
Bolivia Soberana

BRUSSELS:
Seattle To Brussels Network (S2B): Rede europea que traballa a denuncia e incidencia dos TLC impulsados pola UE, así como os impactos dos investimentos das transnacionais europeas.

"Quita política europea de comercio e investimento debe ser parte integral dun modelo económico e social alternativo en Europa", Bruno Ciccaglione, Coordinador da Rede S2B.



ESPAÑA:
SETEM - Campaña Acordos Comerciais.

AFRICA:

STOP EPA, Campaña Internacional para deter os Acordos Comerciais entre a Unión Europea e os países de África, Caribe e Pacífico (ACP).
"Unha cousa está clara: o mundo carriblo e Africano tamén. O tempo da colonización pasou": Cheick Tidiane, ENDA Tiers Monde Senegal.



INDIA:

Campaña Stop the EU India Free Trade Agreement:
"A capacidade da India para ofrecer medicamentos a prezos alocarables para millóns de persoas está a ser ameazada por Novartis, farmacéutica europea, que está a lutar polas súas patentes. O TLC está de parte das transnacionais, non da saúde".

AUSTRALIA, NUEVA ZELANDA Y PAISES DEL PACIFICO:
Pacific Network on Globalization

AUSTRALIA:
Global Trade Watch

KOREA:
Movimiento crítico
contra los TLC

JAPAN:
Stop the Trans
Pacific
Partnership
Agreement

REDES INTERNACIONAIS:

Third World Network:
Rede Internacional de organizacións e individuos involucrados en cuestións relativas ao desenvolvemento, aos países en desenvolvemento e aos asuntos Norte-Sur.

Via Campesina:

Movemento internacional que agrupa millóns de campesiños e campesiñas que se opoñen firmemente aos agronegocios e ás multinacionais que están a destruír os pobos e a natureza.

Our World is Not for Sale:

Rede mundial creada para lutar en contra dos acordos de comercio e investimentos que promoven a globalización orientada polas transnacionais e beneficiar as empresas máis poderosas do mundo en detrimento dos pobos e o medio ambiente.

+ INFO:

Web da campaña Acordos Comerciais de SETEM:
www.setem.org/notic.



MÓVETE

ALTERNATIVAS PARA MAÑÁ, CONCRETADAS HOXE

Hai prácticas cotiás que xa son a semente doutra economía e que comezan pola túa acción e polas das persoas que te rodean. Compartimos o decálogo da Xarxa d'Economía Solidària - XES (Rede de Economía Solidaria de Catalunya), unha asociación formada por cooperativas, empresas de inserción, asociacións, fundacións, sociedades laborais e outras redes que se coordinan para cooperaren entre elas e difundiren a economía solidaria, é dicir, unha economía baseada no traballo emancipador, sen explotación, sustentable, democrática e participativa.

1 AS FINANZAS ÉTICAS

Non lle fagas máis o xogo a aqueles que provocaron a crise. Deposita os teus aforros en entidades de aforro ético. A transparencia e os criterios sociais e solidarios son a súa razón de ser: Coop 57, Fiar, Oikocredit, Triodos Bank. Coñéceas!

+ info: www.finanzaseticas.org

2 OS SEGUROS

O sector dos seguros forma parte inseparable do sistema financeiro. No noso país, na túa casa, xa hai cooperativas que desenvolven o seguro ético e solidario baseada nos principios de mutualidade, contrato entre iguais, transparencia e equidade. Cando necesites facer un seguro, pensa niso.

3 CONSUMO RESPONSABLE

A sociedade do consumo compulsivo planifica perfectamente os impulsos cara a un consumo irracional e de malgasto. Foxe do consumismo. Existen redes e feiras de intercambio de obxectos, servizos ou coñecementos en diversos barrios e cidades. Compra cerca e reforza a economía local. Non deixes o país nas mans das multinacionais.

+ info: www.comercioxusto.com

4 CONSUMO COMPARTIDO

Moitos dos gastos familiares aumentan pola falta de servizos públicos de calidade, pero tamén polo ego-centrismo que se promove. Hai moitas cousas que facemos cada un pola nosa conta que as poderíamos realizar de forma compartida. Todos gañaríamos. O transporte é un exemplo dunha necesidade colectiva que o capitalismo fomenta que a resolvamos individualmente co coche, devorador de vidas e destrutor do medio ambiente.

5 CONSUMO SUSTENTABLE

Ante o colapso ecolóxico, fomenta a reciclaxe e reduce o gasto enerxético. Xestos sinxelos como os aforradores de auga, as lámpadas de baixo consumo ou un bo illamento térmico farán reducir o teu gasto enerxético... e monetario!

+ info: www.consomesoudevoras.info

6 COOPERATIVISMO DE CONSUMO AGROECOLÓXICO

Achégate á realidade das cooperativas de consumo agroecolóxico, que fomentan os vínculos campo-cidade, apoian o noso campesiñado e reivindicán a soberanía alimentaria dos pobos. Fomentan a agricultura local e a supervivencia do campo, reducen o gasto ecolóxico producindo localmente, promoven o alimento de tempada e rompen coas regras da desigualdade Norte-Sur:

+ info: www.hispacoop.es

7 A VIVENDA

A especulación no Estado Español ten deixado pouco espazo a alternativas que existen en Europa. Actualmente calculase que hai 2,3 millóns de vivendas valeiras. Hai que explorar experiencias locais de mercados alternativos entre persoas propietarias e inquilinas e outros modelos de cooperativismo de vivenda, coma o que propón a asociación catalá Sostre Cívic (www.sostrecivic.org).

8 RECUPERACIÓN DE EMPRESAS

Noutros períodos de crises, ante a avalancha de peches de empresas, a autoorganización dos traballadores e traballadoras desembocou a miúdo na recuperación das empresas polos traballadores, baixo forma cooperativa. É importante, sempre que se poida, estudar a viabilidade desta opción. Exemplos de iniciativas cooperativistas son múltiples e están unidas na federación de cooperativas Sinerxia.

+ info: www.sinerxia.org

9 LECER E CONSUMO

A cultura sucumbiu á mercantilización tamén. Pero, en barrios e vilas, o tecido asociativo e comunitario logrou construír espazos de encontro, onde a cultura popular, de base e autoxestionada, tomou protagonismo no canto da sociedade do espectáculo. Apaga a tele, sae á rúa, participa nas actividades de ateneos, asembleas do 15M...

10 O ENDEBEDAMENTO

Non te endebedes máis aló das túas posibilidades. É unha das trampas programadas por aqueles que fan e desfán as nosas vidas nos parques das bolsas da especulación. Planifica os gastos, razoa as necesidades. Compárteas cando poidas. Intercambia, comparte, mancomuna, coopera. Son os verbos conxugados do futuro.

+ info: Xarxa d'Economía Solidària, www.xes.cat



O CASO

POR QUE NON SE DEBERÍAN RATIFICAR OS TRATADOS DE LIBRE COMERCIO ENTRE A UNIÓN EUROPEA E COLOMBIA

Máis de 200 organizacións da sociedade civil e as Confederacións sindicais europea e internacional opóñense aos TLC entre a UE e Colombia. É hora de que Europa poña os valores e os dereitos humanos por riba dos intereses comerciais.

Tras o fracaso das negociacións para establecer un Acordo de Asociación rexión-a-rexión coa zona andina, a Unión Europea pasou a negociar **Tratados de Libre Comercio** (TLC) bilaterais só con Perú e Colombia. Estes tratados queren substituír o réxime preferente con Colombia e Perú, coñecido como Sistema de Preferencias Xeneralizadas ou SPG Plus. As negociacións formais finalizaron en marzo de 2010 pero os acordos aínda non entraron en vigor. Unha vez que os textos de negociación son asinados, aínda quedan bastantes pasos a dar, como a aprobación do Consello e o Parlamento da UE.

Varios sindicatos de Colombia e Europa, entre os que están a Confederación Europea de Sindicatos (CES-ETUC) e a Confederación Sindical Internacional (CSI-ITUC), así como numerosas organizacións da sociedade civil de América Latina e Europa, presentaron repetidamente probas dos **impactos socioeconómicos e ambientais** destes TLC. Algúns parlamentarios latinoamericanos e europeos expresaron inquietudes parecidas e amosáronse contrarios a estes TLC porque **priorizan os investimentos europeos** na rexión por riba de calquera outra cuestión social ou de dereitos humanos.

ESTES TLC ESTÁN SOCAVANDO O PROCESO DE INTEGRACIÓN REXIONAL NA COMUNIDADE ANDINA

Ao negarse a aceptar un enfoque diferenciado, tal como acordaron os países do CAN (Colombia, Perú, Ecuador e Bolivia) no cumio de Tarija de xuño de 2007, a Comisión Europea provocou a ruptura das negociacións con todos os Estados membros deste bloque. O feito de que a UE decidise manter negociacións con Colombia e Perú agravou aínda máis as tensións existentes no CAN e afectará moi probablemente ao avan-

ce do proceso de integración andino, un dos bloques rexionais máis antigos de América Latina. Isto pon de manifesto a falta de coherencia entre os obxectivos de comercio e de cooperación das políticas da UE.

ESTES TLC TERÁN GRAVES EFECTOS NEGATIVOS SOCIOECONÓMICOS E AMBIENTAIS

A Comisión Europea sostén que o acordo é un bo trato porque esixe ambiciosos compromisos de todas as partes. Asume, por tanto, que a UE e Colombia son socios en igualdade de condicións; con todo, hai **enormes asimetrías**. Por exemplo, o ingreso nacional bruto (INB) per cápita da UE é 3,3 veces maior que o de Colombia. Dado que en Colombia os impostos ás importacións para os produtos europeos son superiores ca os da UE, o TLC esixe a estes países latinoamericanos un tremendo esforzo en canto á redución dos aranceis. Como consecuencia diso, os gobernos verán unha gran diminución nuns ingresos fiscais que, doutro xeito, poderían destinar a gastos sociais e proporcionar servizos públicos a todos os sectores da sociedade.

OS PAÍSES QUE VIOLAN OS DEREITOS HUMANOS NON DEBERÍAN SER SOCIOS COMERCIAIS DA UE

Estes tratados recompensarán a un Goberno colombiano que é responsable do maior nivel de asasinatos de sindicalistas en todo o mundo, así como de desaparicións de persoas e desprazamentos forzados. En 2009, Colombia foi outra vez, con 48 homicidios, o país con máis mortes de sindicalistas e defensores dos dereitos laborais do mundo. A UE e os seus Estados membros deberían enviar unha mensaxe clara de que **non serán cómplices** de gobernos que se dedican á violación sistemática dos dereitos humanos.

Autor: David Quintas

O LEITE SUBSIDIADO EUROPEA INUNDA A POBREZA A 400.000 PEQUENOS PRODUTORES

A UE é o principal produtor de leite e o maior exportador de produtos lácteos do mundo. A UE proporciona importantes subsidios aos seus propios produtores, que se traducen nun exceso de produción de leite en Europa. Esta situación compromete a viabilidade do sector leiteiro en Colombia e representa un perigo para a seguridade e a soberanía alimentaria na rexión. En 1994, a rexión andina adoptou o Sistema Andino de Franxas de Prezos (SAFP) como mecanismo para estabilizar os prezos de importación dos produtos agrícolas e protexer os produtores e consumidores nacionais das fluctuacións e distorsións dos prezos provocados polos subsidios noutros países. O TLC da UE con Colombia desmontará este mecanismo. A Federación Colombiana de Gandeiros advertiulle ao Goberno do seu país que, coa sinatura do TLC, uns 400.000 pequenos produtores corren risco de bancarrota pola inundación do mercado con leite europeo.

Extracto do informe "É hora de que Europa poña os valores e os dereitos humanos por riba dos intereses comerciais. Informe sobre políticas: Por que non se deberían ratificar os tratados de libre comercio entre a UE e Colombia/Perú" do Transnational Institute. Marzo 2011.



Mobilización labrega pola soberanía alimentaria en Colombia. Autor: Penca.

OPINIÓN

OS TRATADOS DE LIBRE COMERCIO SERVEN A SOBERANÍA COLOMBIANA NA MESA DAS MULTINACIONAIS

En 1989 o consenso de Washington definiu as políticas económicas das multinacionais para impoñer aos países do Sur. As negociacións de tratados comerciais entre o goberno colombiano e países desenvolvidos son a continuación do modelo que deixou o 60% da poboación colombiana na pobreza, principalmente ás mulleres, tres millóns de desempregados e catro millóns de desprazados. Os homes e as mulleres desposuídos das súas terras convértense en man de obra barata, vulnerable e dominada politicamente. Ante estas inxustizas os movementos e organizacións sociais fortalecen a súa resistencia social e política contra os TLC.

Redacción: César Augusto Quintero Ramirez. Corporación Ecológica y Cultural Penca de Sábila.¹ Medellín-Colombia.

Os tratados de libre comercio (TLC) xa en vixencia con Canadá e Suíza, e por confirmar coa Unión Europea e sobre todo cos Estados Unidos, son a mellor proba de que os gobernantes venden o país ao mellor ofertante, mentres as multinacionais acumulan enormes capitais. O obxectivo destes TLC é acadar unha maior liberalización comercial, sustentada en procesos de desgravación arancelaria progresiva ou inmediata, co fin de crear unha zona de libre comercio, na que circulen, sen barreiras, bens e servizos provenientes das grandes empresas dos países asinantes do tratado correspondente.

Os TLC benefician unicamente as empresas colombianas relacionadas co comercio internacional. Estas empresas contan con capital estranxeiro e son as que teñen o control do comercio exterior de Colombia, e ademais son as que **compraron os sectores clave da economía**: saúde, enerxía, comunicacións, servizos públicos e minaría. Segundo o Banco da República de Colombia, as empresas multinacionais xeran a metade do comercio exterior do país. En 2005 estas firmas facturaron o 52% das exportacións tradicionais e o 48.1% das non tradicionais. Entre as exportacións tradicionais destácanse petróleo, carbón, produtos químicos, confeccións e produtos agropecuarios como flores, café e banana, que continuasen sendo a base das exportacións do país aínda con TLC.


Cos TLC o mercado interno é presa da competencia internacional, afectándose considerablemente a pequena e mediana industria, sendo o sector agropecuario o máis golpeado. Impórtanse os cereais subsidiados nos países desenvolvidos que desprazan a produción local de alimentos básicos e a cambio destínanse grandes extensións para a produción de agrocombustibles e para a gandaría bovina. Os cultivos de cereais, oleaxinosas e algodón, que en conxunto xeran 270 mil empregos permanentes e ocupan unha extensión de 1.460.000 hectáreas, serán os maiores perdedores coa entrada en vixencia do TLC cos EEUU, país que produce a grande escala estes produtos. Para 1990 Colombia era autosuficiente na produción de alimentos e no ano 2011 é un país importador de 10.000.000 de toneladas de alimentos.

"Nas dúas últimas décadas, Colombia foi gobernada por sectores políticos do neoliberalismo nacional que violaron sistematicamente os dereitos humanos da poboación, especialmente de habitantes dos territorios de interese para as multinacionais. En 2010 foron asasinados 46 sindicalistas e 33 activistas de dereitos humanos e, desde o 2007, ano da sinatura do TLC Colombia-USA, foron asasinados máis de 200 sindicalistas colombianos, na súa maioría traballadores das multinacionais do petróleo e do banana."

Un dos grandes perigos do avance desta neocolonización, a través dos TLC, é o desenvolvemento da agroindustria que implica acaparamento, control e apropiación dos **bens comúns**: terras e augas. Igualmente coñécese o interese das multinacionais de se apropiaren dos recursos xenéticos a través de patentes de sementes e plantas que as converterán en mercadorías, co que se perden as culturas locais, a soberanía alimentaria e xérase maior dependencia e dominación política. Os TLC provocaron **amplas manifestacións** de resistencia social e política en Latinoamérica e especialmente en Colombia onde se orixinou un constante debate e amplas mobilizacións por parte do movemento sindical, os movementos sociais, indíxenas e campeños que contaron coa solidariedade internacional de sectores sociais e sindicais.

A campaña pola defensa da auga como ben público e dereito humano fundamental e a campaña pola defensa da soberanía, a seguridade e a autonomía alimentaria, convocaron a un gran número de organizacións que se resisten á privatización e á mercantilización dos bens comúns, e loitan polo dereito dos pobos á alimentación. Con estas campañas rexéitanse os TLC por considerar que estes xeran máis violencia social e política, desemprego, pobreza e perda da soberanía colombiana.

¹ A corporación Ecológica y Cultural Penca de Sábila é unha organización ambientalista e feminista sen ánimo de lucro, adicada á educación e a promoción dunha xestión ambiental alternativa. www.corpenca.org



DICIONARIO

MINI GUÍA PARA ENTENDER AS PALABRAS CHAVE DOS ACORDOS COMERCIAIS

Acordos birrexionais: Tratados entre dous ou máis zonas xeográficas que pretenden alcanzar un acordo de libre comercio entre estas rexións.

ADA: Acordos de Asociación entre a Unión Europea e América Central. Son vinculantes xuridicamente e articúlanse en tres piares: inclúe un tratado de libre comercio (TLC), diálogo político e cooperación.

Aranceis: Imposto que se paga polos bens que se importan a un país. Cada un establece o tipo de arancel para as mercadorías que recibe do exterior. Foron concibidos para protexer a industria nacional, aínda que moitas veces se logra o efecto contrario.

Comercio Xusto: Movemento que propón un comercio que sexa xustó para todas as partes que entran en xogo cando se produce un intercambio, e que lles permita alcanzar aos países do Sur o seu desenvolvemento social e económico. O CX ten en conta valores éticos e ambientais, fronte aos criterios exclusivamente económicos do comercio tradicional.

Dereito comercial: É a rama do dereito que regula o exercicio da actividade comercial e establece os principios e normas entre as partes interesadas. Tamén coñecido como dereito mercantil.

Dereitos humanos: Dereitos inherentes a todos os seres humanos, sen distinción ningunha de nacionalidade, lugar de residencia, sexo, orixe nacional ou étnica, cor, relixión, lingua, ou calquera outra condición. Todas as persoas temos os mesmos dereitos humanos, sen discriminación ningunha.

Desregulación de mercados: Eliminación de barreiras que dificulten o comercio entre países, como a intervención do Estado ou as políticas proteccionistas. Facilitase, deste xeito, o comercio internacional en prexuízo do nacional.

Dumping: Práctica na que unha empresa exporta bens ou servizos cun prezo inferior ao custo de produción do país no que se vende, prexudicando gravemente a industria local.

Economía Social e Solidaria: É un enfoque da actividade económica que ten como prioridade as persoas, o medio ambiente e o desenvolvemento sustentable. Designa a subordinación da economía á súa verdadeira finalidade: prover de maneira sustentable as bases materiais para o desenvolvemento persoal, social e ambiental do ser humano.

EPA: Acordos de Asociación Económica entre a Unión Europea e os países de África, o Caribe e o Pacífico (ACP). É un plan para crear unha zona de libre comercio entre estes países co obxectivo de acabar coas preferencias comerciais que outorgaba a UE aos países ACP, que son incompatibles coas normas da OMC. Articúlanse arredor dos mesmos tres piares ca os ADA.

Empresas transnacionais: Empresas con presenza en máis dun país, que comparten recursos e que operan baixo unha estratexia común definida por un ou máis centros de decisión.

Integración rexional: Un esforzo converxente realizado

por parte dos estados que conforman unha rexión, encamiñado a conseguir obxectivos comúns, mediante a harmonización de políticas económicas e financeiras, de réximes monetarios e de políticas socio-culturais e legislativas.

Liberalización: Reestruturación das regras e control do mercado para favorecer a privatización de servizos, camiñando cara a unha economía de mercado non suxeita ao control do Estado. Os procesos de liberalización están controlados pola OMC e o Fondo Monetario Internacional (FMI).

Libre comercio: Formulación económica, oposto ao proteccionismo, que promove a liberdade de empresa e a ausencia de obstáculos e barreiras comerciais que dificulten o intercambio de produtos ou servizos entre países. Fálase de dobre rapadoira cando as potencias económicas promoven o libre comercio (por exemplo, con tratados de libre comercio) e á vez están a protexer os seus mercados (por exemplo, con subvencións).

Medidas non arancelarias: Obstáculos, distintos aos aranceis de aduana, que dificultan a entrada dun produto nun mercado. Por exemplo, as normas fitosanitarias (etiquetaxe, regulamentacións sanitarias...).

OMC: Organización Mundial do Comercio. Ocupase das normas que rexen o comercio entre os países. Os alicerces sobre os que descansa son os seus acordos, que foron negociados e asinados pola gran maioría dos países que participan no comercio mundial e ratificados polos seus respectivos parlamentos. Integrada por máis de 130 membros, que representan máis do 90% do comercio mundial.

PAC: (Política Agraria Común): Sistema da Unión Europea destinado a ordenar o comercio de produtos agropecuarios dentro da Comunidade Europea. Xestiona as subvencións aos agricultores europeos. Recibe duras críticas porque no marco do libre comercio os agricultores xogan con vantaxe fronte a produtores de países empobrecidos que non reciben subsidios.

Soberanía alimentaria: Dereito de cada pobo a definir con autonomía a súa política agraria e alimentaria, protexendo o mercado doméstico, de acordo cos obxectivos do desenvolvemento sustentable e a seguridade alimentaria. Implica o dereito dos campesiños a producir alimentos, e o dereito dos consumidores a poder decidir o que queren consumir.

TLC: Tratado de Libre Comercio. Acordo de intercambio comercial de bens e servizos entre países ou rexións que promove a máxima liberalización comercial. Isto significa unha redución do poder político dos gobernos para dar paso a unha maior liberdade de decisión das corporacións transnacionais.

Temas de Singapur: Catro temas incluídos recentemente no programa da OMC na Conferencia Ministerial de 1996 que tivo lugar en Singapur: comercio e investimentos, comercio e política de competencia, transparencia da contratación pública e facilitación do comercio.



FACÉMONOS ECO

PALABRAS PARA O CAMBIO

Nada será como antes. Sobre el movimiento 15-M

de Carlos Taibo. Editorial: Catarata

Estas páxinas ofrecen unha interpretación do que significou o movemento que viu a luz o 15 de maio de 2011. O seu autor, Carlos Taibo, defínese como activista e exerce como profesor de Ciencia Política na Universidade Autónoma de Madrid. O libro debulla as razóns que explican o éxito dese movemento, os trazos fundamentais da súa proposta programática, a reacción provocada nas xentes de orde, o eco mediático alcanzado e, en fin, as perspectivas de futuro que se abriron. Escrito desde posicións próximas ás das persoas que organizaron as manifestacións do 15 de maio, neste texto apréciase o desexo de que o chamado movemento 15-M se convirta no fermento dun amplo proceso de autoxestión e creación de espazos autónomos.

Taibo refírese ás dúas almas impulsoras do 15-M, a achegada polos movementos sociais críticos, cunha contestación activa ao capitalismo e ás súas regras, e a protagonizada polos mozos non especialmente radicalizados pero moi indignados, que postulan unha reforma do sistema. Ao principio, segundo Carlos Taibo, foi a primeira a máis influente, para pasar logo a ser máis protagonista a segunda, por influencia quizais das presións políticas, policiais e xudiciais.



SOTTO VOCE

Skyline

Yann Tiersen

Yann Tiersen deléitanos de novo coa súa música inspiradora. Este novo disco amosa un Tiersen máis minimalista e que pouco se parece ao son da Banda Sonora de Amélie. A continuación de 'Dust Lane', o sétimo álbum de estudio do artista segue na liña escura, lírica, multi instrumental, e con letras en inglés á que nos ten afeitos nesta última época. A composición dos seus temas comprende a manipulación de variados instrumentos, entre os cales cómpre destacar o piano de xoguete, o acordeón, o violonchelo, o banjo, o clavicordio e a melódica, entre outros. O álbum está dispoñible en varios formatos como vinilo, CD e descarga dixital.

FILA 7

A fin é o meu principio

Director: Jo Baier
País: Alemania, Italia
Ano: 2010

Cando un home extraordinario que o viviu todo ve achegarse a súa fin, decide chamar ao seu fillo para reunirse con el por última vez na súa casa da Toscana. A súa intención é compartir unhas valiosas conversacións sobre a vida que levou como correspondente de prensa no sueste asiático, os cambios políticos e sociais dos que foi testemuña, e a transformación espiritual que experimentou nos seus últimos anos. Pero o máis importante para el é transmitirle ao seu fillo como prepara o terreo para a última grande aventura que lle queda por vivir.



RECOMENDAMOS

PeriodismoHumano.com

Medio de comunicación profesional sen ánimo de lucro que quere facer xornalismo con enfoque de dereitos humanos.

Tempos Novos

Atlántica de Comunicacións leva facendo análise crítica desde hai 15 anos por medio da revista mensual *Tempos Novos*. Agora vén de presentar o seu novo medio en internet: *Tempos Dixital* (www.temposdixital.com).

Bo trato **Maltrato**

Bo trato **Maltrato**

Trato feito, maltrato feito
Acordos comerciais,
¿son bos para quién?

Contrapublicidade: Uso da imaxe publicitaria dun banco para mostrar a dualidade dos beneficios dos acordos comerciais.

AMARANTE SETEM
 amarantesetem@amarantesetem.org

Sede Compostela
 Rúa de San Pedro, 67
 15705 Compostela
 T+F 881976705
 compostela@amarantesetem.org

Sede Pontevedra
 Rúa San Roman, 9
 36002 Pontevedra
 T+F 986848159
 pontevedra@amarantesetem.org

Sede A Mariña
 Praza de España, 25
 27700 Ribadeo
 T 607267496
 ribadeo@amarantesetem.org

e ademais:
 acorunha@amarantesetem.org
 ourense@amarantesetem.org
 vigo@amarantesetem.org

FEDERACIÓN SETEM
 Secretaría Técnica
 Independencia 244
 08026 Barcelona
 T93 441 53 35
 setem@setem.org

Setem
AMARANTE
 www.amarantesetem.org

**TI PODES FACER QUE NOS MOVAMOS MÁIS E MELLOR PARA CAMBIAR O MUNDO.
 PARA NÓS, É VITAL A TÚA PARTICIPACIÓN.**

Hai moitas formas de colaborar:

FAITE SOCIO/a Únete ó movemento de persoas que xa nos apoian, e entra a fomar parte dunha asociación viva e transformadora.

FAI UN DONATIVO A túa colaboración, por pequena que sexa, pode cambiar moitas cousas.

VOLUNTARIA/A Únete ós nosos equipos de voluntariado.

¡MÓVETE E CAMBIAREMOS O MUNDO!

ENTRA A WWW.AMARANTESETEM.ORG E DECIDE CÓMO TE QUERES MOVER.